

Existen dúas vías para realizar o pago das taxas:

A TRAVÉS DE FIDES:

Para realizar o pago por esta vía, logo de ter **CONFIRMADA** a solicitude de participación nun proceso, poderá acceder ao módulo de pago electrónico de taxas premendo na icona da tarxeta de crédito que aparecerá á dereita do resumo da solicitude no apartado de Procesos do Expediente-e.

Abrirase unha pantalla que amosará o tipo de pago da taxa elixido no formulario de inscrición, xunto co importe que o aspirante deberá aboar. Nesta modalidade non é preciso introducir os códigos asociados á taxa correspondente, xa que o sistema cargaraos automaticamente. Logo de encher o primeiro impreso (modelo 739) e efectuado o pago presencialmente na entidade bancaria, facilitaránlle o **código autonumérico ou NRC** para poder completar, xerar e imprimir o xustificante válido de ter aboado a taxa (modelo 730).

É importante ter en conta que este procedemento de pago telemático a través de Fides, **pode non excluír a necesidade de ir á entidade financeira autorizada**, ademais de ter que completarse en dous pasos (cando a entidade bancaria lle facilite o código NRC da operación).

A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA:

Na sección Pago de Taxas e Prezos, na **Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia**, poderá efectuar o pago:



DE XEITO PRESENCIAL:

Mediante a descarga en branco do **Modelo AI**. Para realizar o pago de forma presencial por esta vía, deberá obter o modelo de autoiquidación de taxas Modelo AI e enchelo cos seus datos persoais, o importe total e os códigos indicados máis abaixo nesta mesma páxina. O dito impreso tamén pode ser solicitado polas persoas interesadas nos centros da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Ou ben, mediante a xeración en liña do modelo, cos seus datos persoais xa impresos (**Modelo 731**). Por esta vía poderá realizar o pago nas entidades colaboradoras autorizadas que se relacionan na seguinte ligazón: **Entidades financeiras colaboradoras**.

DE XEITO TELEMÁTICO:

Mediante o cargo á conta ou con tarxeta. Neste caso, as entidades colaboradoras e a forma de pago poden variar en función do tipo de acceso (con ou sen certificado dixital).

Códigos e importes a consignar no modelo de autoliquidación de taxas	>
Exencións e bonificacións do pago de taxas	>
Acceso á Oficina Virtual Tributaria - Axencia Tributaria de Galicia 	>
Guía da Plataforma de Pago - Axencia Tributaria de Galicia 	>